

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 16 DE ABRIL DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 16 de abril de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 12 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D^a. M^a Jesús Lago Rey (asiste a todos os puntos agás o 2a e 4a)
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira (asiste aos puntos 2a e 4a)

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D. Pablo Olmos Pita (asiste ao punto 1b)
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Luis Rodríguez-Cadarso de la Peña (asiste aos puntos 2a e 4a)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 4c e 6), por delegación de D. Óscar Couce Senra de data 16 de abril de 2018
D^a. Marta Rioboó Ibáñez (asiste aos puntos 2c e 3a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta do 4 de abril de 2018

Apróbase a acta da sesión do 4 de abril de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

b) Acta do 9 de abril de 2018

Apróbase a acta do 9 de abril de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D. Pablo Olmos Pita, D^a. Olga Gómez Corbal e D^a. M^a Jesús Lago Rey.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (386-242)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Só a presidenta manifesta ter conflito de intereses cos licitadores, polo que se incorpora a este punto D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, en calidade de presidente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:33	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAB42-C3D222-A9548E-PM16WZ-8G433T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. MAPFRE ESPAÑA, S.A.
 2. ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro, conservación e limpeza do equipamento de uniformidade de intervención para o servizo de bombeiros (5.192-213)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir ITURRI, S.A. neste procedemento por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración dun estudo de viabilidade económico-financeira que analice a viabilidade e racionalidade da operación de uso e explotación do Estadio municipal de Balaídos, que sirva para determinar a modalidade de explotación a escoller, e que determine no seu caso o canon e prazo de duración (20.056-240)

A secretaria le o certificado expedido polo Rexistro Xeral onde se recolle o listado de licitadores presentados a este procedemento e se indica “*Asimesmo o día 12/4/18 as 11:36 horas recibíuse un fax comunicando envío oferta económica da empresa TINSA TASACIONES INMOBILIARIAS, S.A.U. para concursar no procedemento de referencia*”.

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. BDO AUDITORES S.L.P.
 2. NUEVAS VENTAJAS, S.L.
 3. VALTECSA
 4. IDOM CONSULTING ENGINEERING ARCHITECTURE, S.A.U.
PRICEWATERHOUSECOOPERS ASESORES DE NEGOCIOS, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:33	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAB42-C3D222-A9548E-PM16WZ-8G433T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- b) Non admitir neste procedemento a TINSA TASACIONES INMOBILIARIAS, S.A.U. por non cumprir os requisitos de presentación da documentación a través das oficinas de Correos, esixidos no artigo 80.4 do RXLCAP e na cláusula 12.6 do prego de cláusulas administrativas particulares (*“Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio”*) ao ter anunciado por fax a remisión da oferta unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas (o prazo rematou o 11 de abril de 2018 e o fax recibíuse o 12 de abril, segundo se indica no certificado expedido polo Rexistro xeral o 16 de abril de 2018).

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración dun estudo de viabilidade económico-financeira que analice a viabilidade e racionalidade da operación de uso e explotación do Estadio municipal de Balaídos, que sirva para determinar a modalidade de explotación a escoller, e que determine no seu caso o canon e prazo de duración (20.056-240)

En acto público ábrese o sobre B *“Proposición avaliable mediante xuízo de valor”* dos licitadores presentados e admitidos. A presidenta e a secretaria asinan os dous exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

A documentación presentada por PRICEWATERHOUSECOOPERS ASESORES DE NEGOCIOS, S.L. non reúne os requisitos de presentación esixidos na cláusula 13.3 do PCAP (*“Estar asinada dixitalmente por persoa con poder de representación acreditado. Se o soporte non está asinado dixitalmente deberá achegarse unha declaración escrita do licitador sinalando que o contido do soporte dixital aportado se corresponde coa proposición do sobre de que se trate, e deberá ser asinado por persoa con poder de representación acreditado”*). A empresa presenta esa declaración con sinatura manuscrita pero incorporada ao soporte dixital, polo que non é unha sinatura válida.

Así mesmo, non consta que a documentación presentada por VALTECSA estea asinada.

Asiste á apertura D. José Ángel Calvo Caneiro, con DNI 32.665.247-A, en representación de IDOM CONSULTING ENGINEERING ARCHITECTURE, S.A.U.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor e conceder un prazo de tres días hábiles a PRICEWATERHOUSECOOPERS ASESORES DE NEGOCIOS, S.L. e VALTECSA para que poidan emendar a súa proposición avaliable mediante xuízo de valor, mediante escrito asinado por persoa con poder de representación non que subscriban a proposición presentada neste procedemento co seguinte detalle:

1. PRICEWATERHOUSECOOPERS ASESORES DE NEGOCIOS, S.L. (proposición presentada o 21 de marzo de 2018 co número de Rexistro 180042360)
2. VALTECSA (proposición presentada o 26 de marzo de 2018 co número de Rexistro 180044862)

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus organismos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:33	Páxina 3 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAB42-C3D222-A9548E-PM16WZ-8G433T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

autónomos (386-242)

Polo motivo indicado no punto 2a, preside a sesión neste punto D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.

En acto público abriuse o Sobre B “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Redución importe franquía	Increment. sublímite por vítima para Responsabilidade Civil Patronal	Increment. límite Xeral por sinistro	Increment. límite Xeral por anualidade	Increment. sublímite prexuízos Patrimoniais Puros
1	MAPFRE ESPAÑA, S.A.	187.000 euros	500	350.000	5.000.000	15.000.000	600.000
2	ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	185.000 euros anuais	1.000	150.000	5.000.000	15.000.000	950.000

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro, conservación e limpeza do equipamento de uniformidade de intervención para o servizo de bombeiros (5.192-213)

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable a través de fórmula*” do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	% de prendas en stock a maiores do mínimo do 15%
1	ITURRI, S.A.	976.879,36 €	15%

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro fase II Corona circular exterior (5.130-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:33	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAB42-C3D222-A9548E-PM16WZ-8G433T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES M. RODRÍGUEZ, S.L.	1.170.080,00 €
2	MISTURAS, S.A.	1.201.279,53 €
3	DRAGADOS, S.A.	1.223.679,95 €
4	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	1.133.600,60 €
5	ELSAMEX, S.A.	1.247.999,95 €
6	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	1.142.400,00 €
7	UTE ACEVI, S.L. - ALVAC, S.A.	1.239.900,00 €
8	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	1.169.280,00 €
9	ORECO, S.A.	1.145.600,00 €
10	SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	1.296.000,00 €
11	ORESA, S.L.	1.196.000,00 €
12	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.	1.167.200,00 €
13	HIDROMIÑO, S.L.	1.152.000,00 €
14	AVAN INTEGRAL, S.L.	1.177.600,00 €
15	CIVISGLOBAL, S.L.U.	1.165.600,00 €
16	COPCISA, S.A.	1.102.879,96 €
17	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	1.175.040,00 €
18	HORDESCON, S.L.	1.206.240,00 €
19	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	1.142.399,96 €
20	OGMIOS PROYECTO, S.L.	1.172.490,00 €

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asisten á apertura: D. Pedro Garrido Codesaña, con DNI 36.108.478-L, en representación de SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, D. Carlos García Anllo, con DNI 44.446.663-Z, en representación de MISTURAS, S.A.; D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción; D^a. Rosa María Rodríguez Álvarez, con DNI 76.912.567-S, en representación de DRAGADOS, S.A.; e D. Manuel Torres Paderne, con DNI 78.798.690-T, en representación de COPCISA, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.



6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización do encontro da rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores (5.107-440)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 12 de abril de 2018, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP co licitador que se indica a continuación por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, concedéndolle un prazo de tres días para xustificar a súa oferta:

- PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Purificación Saavedra (fase I), entre Sanjurjo Badía e Enrique Lorenzo (4.948-440)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 12 de abril de 2018, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP co licitador que se indica a continuación por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, concedéndolle un prazo de tres días para xustificar a súa oferta:

- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos incluídos no «programa socio-educativo e de apoio familiar» (150.888-301):

- **Recurso especial en materia de contratación interposto o 27 de marzo de 2018 por D. Iván Martínez Gómez, en nome propio e en representación dos traballadores de CLECE, S.A, contra o prego de cláusulas administrativas particulares**

Dáse conta da interposición do citado recurso e infórmase que se deu conta á Xunta de Goberno local o 12 de abril de 2018.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de vixilancia e seguridade de CEDRO e UBAS (150.888-301)

- **Recurso especial en materia de contratación interposto o 28 de marzo de 2018 por D^a. M.^a Susana Rodríguez Álvarez, en nome propio e en representación de ALCOR SEGURIDAD, S.L., contra o prego de cláusulas administrativas particulares**

Dáse conta da interposición do citado recurso e infórmase que se deu conta á Xunta



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



de Goberno local o 12 de abril de 2018.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Colombia (4.887-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Colombia (4.887-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 27 de marzo de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Colombia (4.887-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	94,45
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	93,43
3	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	92,53
4	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	92,40
5	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.	91,35
6	CONST. CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	90,94
7	C.D. INDEPO, S.L.	90,47
8	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONST. S.A.)	90,01
9	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.(ACEVI)	89,72
10	HIDROMIÑO, S.L.	89,30
11	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	88,74
12	ORESA, S.L.	88,54
13	UTE EXCAVACIONES Y CONST. LAUREANO COVELO, S.A. e SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	88,04
14	COPCISA, S.A.	86,68
15	EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	72,96



Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 999,02 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o día 6 de abril de 2018, que presenta a documentación requirida o 13 de abril, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de abril de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 28 de febreiro e 20 de marzo de 2018,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:33	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAB42-C3D222-A9548E-PM16WZ-8G433T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Colombia (4.887-440) por un prezo total de 357.203,23 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 61.993,95 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:25 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:33	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAB42-C3D222-A9548E-PM16WZ-8G433T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		